



Código Ético 2025



Índice

Información para ler este documento	páxina 6
Que é este documento?	páxina 7
Quen fixo o código ético?	páxina 9
Quen axudou a facer o Código Ético?	páxina 11
Que podes facer e que non podes facer co Código Ético?	páxina 13
Para que serve o Código Ético de Plena inclusión España?	páxina 14
Por que Plena inclusión España fixo este novo Código Ético?	páxina 17
Como fixo Plena inclusión España este novo Código Ético?	páxina 18
Os valores de Plena inclusión:	
Respecto	páxina 22
Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor do respecto?	
Xustiza	páxina 27
Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor do respecto?	

Vida Plena _____ páxina 32

Que temos que facer as entidades
de Plena inclusión España
para poñer en práctica o valor da vida plena?

Integridade _____ páxina 38

Que temos que facer as entidades
de Plena inclusión España
para poñer en práctica o valor da integridade?

Diálogo _____ páxina 44

Que temos que facer as entidades
de Plena inclusión España
para poñer en práctica o valor da diálogo?

● Información sobre o Código Ético _____ páxina 49

● Que podes facer se tes dúbidas
sobre o Código Ético? _____ páxina 51

● Palabras que tes que coñecer _____ páxina 54



Información para ler este documento

Neste documento podes ver palabras en cor azul.

A primeira vez
que aparece unha palabra en cor azul
vas ver un cadro coa súa definición
na mesma páxina.

As seguintes veces
aparece a palabra en azul
pero sen a súa definición.

Podes consultar
as definicións de todas as palabras de cor azul
no apartado

Palabras que debes coñecer.

Este apartado está ao final deste documento.

Que é este documento?

Este documento
é o novo Código Ético de Plena Inclusión España.
Un Código Ético é un documento
que recolle os **valores** éticos dunha organización.
Os valores son actitudes que pensamos que están ben.

A **Ética** é pensar no que está ben ou mal
e actuar con nós mesmos e cos demais
tendo en conta o que está ben ou mal.

Este documento recolle os **valores** éticos
de Plena inclusión España.
Plena inclusión España quere cumprir estes valores
en todas as actividades que realiza.

Plena inclusión España
é unha organización que está formada
por varias entidades.
Plena inclusión España é unha organización
que axuda ás persoas con discapacidade intelectual
e do desenvolvemento.
Tamén axuda as súas familias.

Valores:

Son actitudes
que pensamos
que están ben.

Ética:

É pensar no que
está ben ou mal
e actuar con nós
mesmos e cos
demais tendo en
conta o que está
ben ou mal.

A discapacidade do desenvolvemento son diferentes tipos de discapacidades que aparecen no desenvolvemento das persoas, antes dos 22 anos.

Algúns exemplos de discapacidades do desenvolvemento son a discapacidade intelectual, o autismo ou a parálise cerebral.

As persoas con diferentes tipos de discapacidade do desenvolvemento necesitan apoios parecidos.

Por iso, Plena inclusión España tamén da apoios por exemplo, a persoas con autismo ou a persoas con parálise cerebral.

Quen fixo este Código Ético?

Plena inclusión España fixo este Código Ético.
O logotipo de Plena inclusión España é o seguinte:



A Xunta Directiva de Plena inclusión España
aprobrou este Código Ético no mes de xuño do 2025.

Plena inclusión Castela e León
adaptou este código ético a lectura fácil.
O logotipo de Plena inclusión Castela e León é o seguinte:



A lectura fácil é unha forma de escribir textos
para que as persoas con dificultades de comprensión lectora
poidan entender o que len.

As persoas de Plena inclusión Castela e León
adaptaron o código ético a lectura fácil
segundo a Norma UNE 153101:2018 Ex de Lectura fácil.
Esta norma explica como debemos elaborar un documento
para que estea en lectura fácil.

O equipo de accesibilidade e validación
de Fademga Plena inclusión Galicia
traduciu, adaptou e validou a galego este Código Ético.
O logotipo de Fademga Plena inclusión Galicia é o seguinte:

FADEMGA



Os documentos en lectura fácil poden levar o seguinte logotipo:



Este logotipo é de Inclusion Europe.
Inclusion Europe é unha asociación europea que defende os dereitos das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.

Podes consultar máis información sobre Inclusion Europe nesta páxina web:

<https://www.inclusion-europe.eu/>

Bárbara López de Toledo deseñou os debuxos do Código Ético e organizou a información do documento.
O logotipo de Bárbara López de Toledo é o seguinte:



Quen axudou a facer o Código Ético?

Máis de mil persoas de Plena inclusión España deron a súa opinión para facer este documento.

A Fundación Étnor axudou a recoller a opinión destas persoas.
A Fundación Étnor é unha organización que axuda a outras organizacións a traballar ben e a respectar os dereitos de todas as persoas.

O logotipo da Fundación Étnor é o seguinte:



A Fundación ONCE deulle cartos a Plena inclusión España para facer este documento.

A Fundación ONCE é unha organización que axuda as persoas con discapacidade a formarse e a encontrar un traballo.

Tamén axuda a mellorar a vida de todas as persoas con discapacidade.

O logotipo da Fundación ONCE é o seguinte:



O Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 tamén lle deu cartos a Plena inclusión España para facer este documento.
Este Ministerio forma parte do goberno de España.

O logotipo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 é o seguinte:



POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

Que podes facer co Código Ético?

Este Código Ético ten un logotipo de Creative Commons.



Plena inclusión España utiliza este logotipo no Código Ético para explicar o seguinte:

- Que este Código Ético é de Plena inclusión España.
- Que Plena inclusión España dálle permiso a outras persoas para compartir este Código Ético.
Por exemplo, para imprimir o Código Ético,
subir o Código Ético a unha páxina web
ou usar o Código Ético para unha formación.
- Que Plena inclusión España non lle dá permiso a outras persoas para cambiar os textos ou as imaxes deste Código Ético.
- Que Plena inclusión España non lle dá permiso a outras persoas para gañar cartos con este Código Ético.

Podes consultar máis información sobre os logotipos de Creative Commons na seguinte páxina web:

<https://creativecommons.org/>

Para que serve o Código Ético de Plena inclusión España?

A misión de Plena inclusión España
é traballar para que as persoas con discapacidade intelectual
e do desenvolvemento
e as súas familias
teñan unha vida digna e de calidade.

Unha persoa ten unha vida digna e de calidade
cando ten o que necesita para ser feliz,
decide sobre a súa vida
e recibe o apoio que necesita.

A misión de Plena inclusión España
tamén é axudar ás persoas con discapacidade intelectual
e do desenvolvemento
e as súas familias
a exercer os seus dereitos.

Plena inclusión España quere conseguir coa súa misión
un mundo máis xusto e solidario.
Por exemplo,
un mundo no que as persoas non discriminen a ninguén
e onde todas as persoas nos axudemos.

Este Código Ético explica
como quere ser Plena inclusión España no futuro.

Este Código Ético ensina
ás persoas de Plena inclusión España
a como deben tomar as decisións,
a levar a cabo a súas tarefas
e poñer en práctica a misión de Plena inclusión España.

Todas as persoas e entidades de Plena inclusión España
deben cumprir este Código Ético.

As persoas e entidades de Plena inclusión España son:

- As persoas que toman as decisións.
- As persoas profesionais.
- As **persoas voluntarias**.
- As persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento
- As familias.
- As asociacións, fundacións e outras entidades.
- As **Federacións**.
- A **Confederación**.
- Outras persoas que participan en Plena inclusión España.

Persoas voluntarias:

Son persoas que colaboran e fan tarefas gratis.

Federación:

É unha organización formada por varias asociacións, fundacións e entidades.

Confederación:

É unha organización formada por varias federacións.



Plena inclusión España espera
que todas estas persoas e entidades
sigan o Código Ético no seu día a día
e que sempre teñan o Código Ético como guía.

Por que Plena inclusión España fixo este novo Código Ético?

Plena inclusión España sempre estivo preocupada por traballar de forma xusta e correcta para conseguir o ben das persoas.

O antigo Código Ético de Plena inclusión España é do ano 2005.

Desde o ano 2005 a sociedade cambiou moito. Por iso, a Xunta Directiva de Plena inclusión España aprobou este novo Código Ético no ano 2025.

Plena inclusión España fixo o novo Código Ético para adaptarse aos cambios e retos do **mundo diverso** .

Mundo diverso:

É un mundo onde viven moitas persoas diferentes.

Como fixo Plena inclusión España este novo Código Ético?

Plena inclusión España fixo este novo Código Ético coa opinión de máis de mil persoas das súas entidades. As persoas que participaron na elaboración do Código Ético eran moi diferentes.

Por exemplo, participaron familiares, persoas con discapacidade ou profesionais.

Plena inclusión España entrevistou a todas estas persoas para recoller a súa opinión durante moitos meses.

A Fundación Étnor axudou a Plena inclusión España a recoller a opinión destas persoas. A Fundación Étnor é unha organización que axuda a outras organizacións a traballar ben e a respectar os dereitos de todas as persoas.

Plena inclusión España traballou moito tempo na elaboración deste Código Ético porque quere ter en conta a opinión de todas as persoas e entidades que forman parte de Plena inclusión España.

Plena inclusión España quiere
que todas as persoas e entidades de Plena inclusión España
se sintan identificados
coas ideas e os **valores** deste Código Ético.

Ademais, este Código Ético recolle
as ideas máis importantes do Plan Estratégico
de Plena inclusión España.

O Plan Estratégico de Plena inclusión España
é un documento que explica
os obxectivos que quiere conseguir Plena inclusión España
e as accións que vai levar a cabo
para conseguir eses obxectivos.

As ideas máis importantes do Plan Estratégico son:

- Empoderamento das persoas con discapacidade intelectual e desenvolvemento.
Esta idea significa,
que Plena inclusión España quiere
que todas estas persoas
tomen máis decisións nas súas vidas
e participen máis nas entidades nos barrios e nas cidades.
- A ética da interdependencia.
Esta idea significa
que todas as persoas nos necesitamos unhas as outras.
Ninguén pode vivir só ou soa de forma completa.
Todas as persoas necesitamos apoios
en diferentes momentos da nosa vida.

- Entidades sostibles.

Esta idea significa

que as entidades deben coidar o medio ambiente
e ter recursos suficientes
para seguir funcionando no futuro.

Os recursos dunha entidade son o diñeiro,
o tempo, os materiais e as persoas da entidade.

Os valores de Plena inclusión


Os **valores** son actitudes que pensamos que están ben.

Os **valores** axúdannos a saber como debemos actuar con outras persoas ou grupos.

O logotipo de Plena inclusión España é un trevo que está formado por 5 partes: 4 follas e un tallo.

Estas 5 partes representan os 5 **valores** de Plena inclusión:

- Xustiza.
- Vida plena.
- Integridade.
- Diálogo.
- Respetto.



A continuación,
explicámosche o que significa cada **valor**
e o que temos que facer
todas as persoas de Plena inclusión España
para poñelos en práctica.



Respecto

O respecto é ter en conta a **dignidade** de cada persoa.

Debemos respectar a cada persoa e non discriminar a ninguén.
Todas as persoas teñen dereito a vivir a vida que desexen.
Debemos deixar que ás persoas loiten polos seus soños ou desexos.

Respectar tamén significa:

- Non **manipular** ás persoas nin obrigalas a facer cousas que non queren.
- Tratar ben ás persoas.
- Comprender os desexos de cada persoa.
- Entender que todas as persoas somos parte dunha **comunidade inclusiva**, formada por persoas diferentes, e onde todas temos un lugar.

Dignidade:

É a importancia que ten cada persoa polo feito de ser persoa.

Manipular:

É cando unha persoa intenta que outra faga o que ela quere, pero sen ser sincera ou sen dicir toda a verdade.

Comunidade inclusiva:

É un conxunto de persoas diferentes que viven nun mesmo lugar.

Todas se respectan e se aceptan sen discriminar a ninguén.

Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor do respecto?

- Imos traballar para que cada persoa con discapacidade intelectual e do desenvolvemento poida ser unha **persoa** máis **autónoma**. Tamén imos traballar para que a persoa se sinta ben e desenvolva novas capacidades. Deste xeito a persoa pode tomar decisións e crear o seu **proxecto de vida**.

Persoa autónoma:

É que unha persoa toma decisións de forma independente sobre como quere vivir a súa vida.

- Imos ter en conta que todas as persoas teñen dereitos. Imos axudar as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento a cumprir os seus deberes e responsabilidades. Tamén queremos axudar a conseguir unha sociedade que respecte a todas as persoas.

- Imos defender e loitar polos dereitos de todas as persoas con discapacidade intelectual, e de desenvolvemento, ante as Administracións e a sociedade.

- Imos tratar co mesmo respecto a todas as persoas, sen importar como sexan ou cal é a súa situación.

Proxecto de vida:

Son as accións que fai unha persoa para conseguir os seus obxectivos na vida.

Imos apoiar ás persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento para que decidan o que queren facer na súa vida. Ninguén debe dicirlles a estas persoas o que teñen que facer ou pensar.

Imos escoitar con atención e respecto ás persoas con discapacidade, as súas familias e ás persoas non profesionais que apoian ás persoas con discapacidade. Por exemplo, os seus amigos e amigas, veciños e veciñas ou **persoas voluntarias**.

As persoas con discapacidade, as súas familias e as persoas non profesionais que apoian ás persoas con discapacidade son **líderes** de Plena inclusión España e das súas entidades. Todas estas persoas deben participar na toma de decisións.

Líderes:

son persoas que guían a outras para conseguir un obxectivo.

Imos esforzarnos moito en comprender os desexos e necesidades das persoas con grandes dificultades para comunicarse. Para iso é importante escoitalas, entendelas e pensar como se senten. Tamén é importante respectalas.

Imos darlle ás persoas con dificultades para comunicarse o apoio que necesitan para poder comunicarse. Por exemplo, un sistema de comunicación alternativa ou unha persoa **intérprete vital**.

Un sistema de comunicación alternativa axuda a comunicarse a unha persoa que non pode falar. Por exemplo, un caderno de imaxes.

Imos facer accesibles para todas as persoas os espazos e a información das entidades.

Intérprete vital:

É unha persoa que intenta comprender a outra persoa que ten dificultades para comunicarse.

Para comprender a persoa presta atención aos seus xestos, sons e movementos.

Tamén ten en conta as cousas que lle gustan e as súas experiencias.

- Iremos traballar para conseguir que a información e os espazos sexan fáciles de entender para todas as persoas.

Por exemplo,
Os documentos importantes
deben estar en lectura fácil,
as páxinas web deben ser fáciles de usar
e os espazos deben ter sinais para non perderse.

As persoas poden informarse, decidir
e actuar con liberdade
cando a información e os espazos
son fáciles de entender.
Así as persoas séntense ben consigo mesmas.

Xustiza



A xustiza e a **equidade** son 2 **valores** fundamentais para Plena inclusión España.

Plena inclusión España segue os **valores** de xustiza e equidade para construír unha sociedade máis inclusiva.

Unha sociedade inclusiva é unha sociedade na que todas as persoas teñen as mesmas oportunidades para vivir ben.

Nunha sociedade inclusiva viven ben todas as persoas sen importar:

- Se a persoa ten discapacidade.
- O sexo da persoa.
- A orixe da persoa.
- O diñeiro que ten a persoa.
- A **orientación sexual** da persoa.
- Calquera outra diferenza.

Tratar de forma xusta ás persoas axúdanos a construír espazos sen discriminación nos que a **diversidade** e a diferenza son boas. Ademais, é unha forma de facer entidades máis xustas e sostíbeis.

Equidade:


É dar a cada persoa o que necesita para que teña as mesmas oportunidades que o resto.

Diversidade:

É que todas as persoas somos diferentes e únicas.

A diversidade é positiva porque podemos aprender unhas persoas das outras.

Tamén nos axuda a vivir nunha sociedade máis respectuosa.



A igualdade real significa
dar a cada persoa os apoios que necesita
para que poida exercer os seus dereitos
como o resto das persoas.
A igualdade real é o mesmo que equidade.

Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor da xustiza?

- Non imos permitir a discriminación nin dentro nin fora de Plena inclusión España. Non imos aceptar que ninguén trate mal a outra persoa por estas razóns:

- A súa orixe.
- O seu sexo ou idade.
- A súa **orientación sexual**.
- A súa relixión ou idioma.
- A súa discapacidade.

Se calquera persoa discrimina a outra nunha entidade debemos evitar que volva a pasar.

- Imos facer accións para conseguir a igualdade entre mulleres e homes. Tamén imos facer accións para conseguir que todas as persoas reciban un trato xusto e sen diferenzas. Por exemplo, **protocolos**.

Protocolo:

É un documento que recolle os pasos que temos que seguir as persoas nunha situación.

Por exemplo, un protocolo para previr o abuso.

- Cada persoa é diferente.
Temos que dar a cada persoa os apoios que necesita para tomar as súas decisións e conseguir os seus **desexos lexítimos**.

Desexo lexítimo:

É un desexo xusto que unha persoa quere e ten dereito a que se lle axude a conseguilo.

Por exemplo,
podes querer un Ferrari,
pero non podes esixirlllo a túa entidade.
Pero si podes pedirmáis formación á túa entidade para encontrar un traballo.
A formación é un **desexo lexítimo**.

- Imos formar a profesionais e **persoas voluntarias** de forma continua.
Imos darlles formación e ferramentas para que fagan ben o seu traballo.
As persoas profesionais e as persoas voluntarias deben facer o seu traballo de forma eficaz, xusta e respectando e pensando nas necesidades das persoas.
- Imos defender o dereito a estudar e traballar das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.

Todas as persoas con discapacidade teñen dereito a estar nos centros de educación e nos centros de traballo igual que calquera outra persoa cos apoios e adaptacións que necesiten.

Ademais, imos traballar para que as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento e outras persoas en situación de desvantaxe consigan e permanezan nun traballo.

Outras persoas en situación de desvantaxe son por exemplo, as mulleres que sofren violencia de xénero.

Imos defender os **dereitos sexuais e reprodutivos** de todas as persoas con discapacidade intelectual, e do desenvolvemento.

Todas as persoas teñen dereito a desfrutar do amor e do sexo e a decidir se queren ter fillos ou non.

Imos apoiar ás persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento a decidir sobre o seu corpo e as súas relacións.

**Dereitos sexuais
e reprodutivos:**

Son os dereitos que che axudan a decidir sobre a túa sexualidade e sobre ter ou non ter fillos.



Vida Plena

Unha vida plena é unha vida feliz e satisfactoria.

Unha vida plena é unha vida na que:

- Fas actividades que che gustan e che importan.
- Sénteste útil.
- Aprendes e melloras como persoa.
- Estás con xente importante para ti.
- Tomas decisións sobre como queres vivir.
- Sénteste ben co teu corpo e as túas emocións.
- Tes cubertas as túas necesidades básicas, por exemplo, comer ou vivir nunha casa.

Todas as persoas teñen dereito a ter unha vida plena.

As persoas con discapacidade teñen que tomar decisións igual que o resto das persoas para ter unha vida plena.

A sociedade e as entidades deben apoiar ás persoas con discapacidade para tomar decisións na súa vida.

As entidades de Plena inclusión España
deben axudar ás persoas con discapacidade intelectual
e do desenvolvemento
a ter unha vida plena respectando:

- A súa intimidade.
As persoas con discapacidade
teñen dereito a ter momentos a soas,
a decidir con quen falar,
e a decidir con quen compartir información persoal.
- A súa privacidade.
As persoas con discapacidade e as súas familias
teñen dereito a decidir
contar a súa información persoal ou non.
Tamén teñen dereito a decidir
a que persoas queren contar a súa información persoal.
- A súa **confidencialidade**.
As persoas das entidades de Plena inclusión España
deben gardar con coidado
a información persoal
das persoas con discapacidade
e das súas familias.
Non poden usar ou contar información persoal
sen permiso.
Só poden usar a información persoal
para axudar.

Confidencialidade:

Son os dereitos que
che axudan a decidir
sobre a túa
sexualidade
e sobre ter
ou non ter fillos.



As entidades de Plena inclusión España
deben respetar a intimidade,
a privacidade e a **confidencialidade**
das persoas con discapacidade e das súas familias
para crear relacións de confianza e de seguridade.

A intimidade, a privacidade e a **confidencialidade**
son moi importantes
para respetar a **dignidade** das persoas
e para recoñecer que cada persoa é única.

Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor da vida plena?

- Iremos ofrecer apoios, espazos e relacións para axudar a cada persoa a desenvolver as súas capacidades e conseguir o que desexan. Iremos ofrecer apoios, espazos e relacións nas entidades e nos espazos comunitarios.

Os espazos comunitarios son os lugares dun barrio, dun pobo ou dunha cidade nos que se xuntan as persoas. Por exemplo, centros culturais, tendas e bares.

- Iremos acompañar ás persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento a construír o seu proxecto de vida.

As persoas con discapacidade deben ter un proxecto de vida satisfactorio, feliz e que lles axude a mellorar. Se queren, as persoas con discapacidade teñen dereito a cumprir o seu proxecto de vida en comunidade. É dicir, no seu barrio, pobo ou cidade.

- Imos apoiar, informar e acompañar as familias para que poidan ter tamén os seus **proxectos de vida**.

Plena inclusión España

opina que as familias son moi importantes para que as persoas con discapacidade teñan a vida que desexan.

- Imos a respectar a privacidade e a intimidade das persoas.

Tamén imos respectar

a **confidencialidade** da información persoal.

Imos coidar a información das persoas.

Non imos compartir a información das persoas sen o seu permiso.

- Imos axudar a crear espazos seguros

para as persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade

deben vivir e facer actividades en espazos seguros.

Nestes espazos, todas as persoas deben respectar a intimidade das persoas con discapacidade.

- Imos ter en conta

a persoa con discapacidade intelectual

e do desenvolvemento

para tratar os temas que lle afecten.

- Imos axudar a que cada persoa

poida participar

nas decisións importantes da súa vida.

Para iso, tamén imos facer

que as persoas con discapacidade

teñan a información necesaria

para decidir con liberdade.

Espazo seguro:

É un lugar onde as persoas se senten ben, son respectadas e non sofren violencia nin discriminación.

Tamén onde se poden expresar de forma libre.

- Iremos formar a profesionais e **persoas voluntarias** para que teñan en conta a **confidencialidade** e respecten a intimidade das persoas con discapacidade intelectual, e do desenvolvemento.

Plena inclusión España vai traballar para que as entidades de Plena inclusión fagan estas accións para poñer en práctica o **valor** da Vida Plena.



Integridade

A integridade
é comportarse seguindo os nosos **valores**.
Os **valores** son actitudes
que pensamos que están ben.

A integridade tamén significa facer o que dicimos,
ter boa intención e ser responsables.

Comportarse con integridade significa:

- Pensar en como afectan as decisións á vida das persoas.
- Explicar ben a calquera persoa as nosas decisións e as razóns polas que as tomamos. Sempre debemos poder explicar as nosas decisións ás persoas que lles afectan.

As entidades de Plena inclusión España
deben poñer en primeiro lugar
o benestar das persoas con discapacidade intelectual
e do desenvolvemento
para tomar as decisións.

As persoas de Plena inclusión España ademais de actuar con integridade tamén debemos ser responsables na nosa vida persoal e no traballo.

Ser responsable significa:

- Traballar ben.
Tamén, buscar novas e mellores formas de apoiar as persoas tendo en conta sempre as súas necesidades.
- Aceptar as consecuencias cando tomamos unha decisión ou facemos algo.
Debemos aceptar as primeiras consecuencias de tomar unha decisión e as consecuencias que poden pasar despois.
As consecuencias poden ser positivas ou negativas.

Por exemplo, se quero un can teño que aceptar a consecuencia de pasear o can varias veces ao día aínda que non me apeteza.

- Cuestionar os nosos **prexuízos** e cambiar de opinión se é necesario cando nos relacionamos con outras persoas.
- Ter novas ideas para mellorar na entidade, no **movemento asociativo** de Plena inclusión España e na sociedade.

Prexuízo:

Idea e opinión negativa sobre algo ou alguén antes de coñecelo e sen motivo concreto.

Movemento asociativo:

É un conxunto de entidades que se unen para traballar por un mesmo obxectivo. A maioría destas entidades son asociacións.

Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor da integridade?

- Imos actuar con boa intención e **transparencia**.

Debemos defender os dereitos e o benestar das persoas antes que o diñeiro, os intereses da entidade ou os nosos intereses persoais.

Debemos defender de forma especial os dereitos e o benestar das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.

- Imos tomar decisións xustas e responsables. Para iso, temos que ter en conta como afectan estas decisións na vida e no futuro das persoas. Ademais, debemos poder explicar as nosas decisións ás persoas que lles afectan.

Imos recoñecer os erros. Debemos aceptar as consecuencias dos nosos erros cando nos equivocamos. Nestes casos debemos **render contas**.

Transparencia:

É dicir a verdade e non ocultar a información para que as persoas poidan entender as nosas decisións e o que facemos.

Render contas

É explicar o que fixeches, por que o fixeches e cal foi o resultado.

Tamén é recoñecer que te equivocaches e dicir como o vas arranxar.

As persoas confiarán máis en nós
e melloraremos como entidade
se recoñecemos os nosos erros
e **rendemos contas**.

- Imos innovar e ser creativos
para ofrecer novos servizos e apoios.
Isto quere dicir que imos buscar novas ideas
e formas de **personalizar** máis os apoios ás persoas.

Tamén imos ofrecer formación continua
ás persoas profesionais e colaboradoras.
As persoas profesionais e colaboradoras formadas
responden de forma máis eficaz e personalizada
ás necesidades de persoas
con discapacidade intelectual

- Imos crear lugares seguros onde todas as persoas
se sintan seguras, respectadas e escoitadas.
- Imos organizar os recursos
de forma responsable e eficaz.
Os recursos dunha entidade son o diñeiro,
o tempo, os materiais e as persoas.
Coidaremos os recursos da entidade
e tamén o medio ambiente.

Personalizar:

É adaptar unha
cosa ou as súas
características ao
gusto ou ás
necesidades dunha
persoa.

- Imos traballar
para que as persoas profesionais
teñan unhas **condicións laborais xustas**.
- Imos recoñecer
o traballo das persoas profesionais,
imos valorar o seu esforzo
e imos darlles un bo trato.
- Imos animar a todas as organizacións
de Plena inclusión España
a que traballen xuntas e se axuden entre elas.

Para iso, imos traballar para que
ás organizacións cooperen entre elas.
Cooperar é traballar en equipo
para conseguir o mesmo obxectivo.
Tamén imos traballar
para que as persoas se respecten unhas as outras.

Condicións laborais xustas:

Un traballo ten condicións laborais xustas
se cumpre estas condicións:

- É seguro.
- As persoas profesionais cobran o seu soldo
segundo as leis.
O soldo depende do esforzo
e a responsabilidade do seu traballo.
- Respecta os dereitos humanos.

■ Iremos seguir aprendendo sobre discapacidade para entender mellor as necesidades das persoas e defender sempre a súa **dignidade**.

■ Iremos aprender dos novos avances da ciencia para entender mellor a discapacidade.

Existen avances en diferentes temas:

- En Neurociencia.
É a ciencia que estudia como funciona o cerebro.
- Nas investigacións sobre xenética.
- No enfoque transdiagnóstico.
Significa ter en conta a persoa e a súa vida e non so a súa discapacidade ou a súa enfermidade.
- Nas novas tecnoloxías,
como a **intelixencia artificial**.
- Noutras formas novas de estudar a saúde e a **diversidade**.

Intelixencia artificial:

Son máquinas ou ordenadores que aprenden a facer cousas que fai unha persoa no seu día a día. Por exemplo, falar, escribir, entender imaxes ou responder preguntas.



Diálogo

O diálogo, a participación e o compromiso son moi importantes para conseguir unha comunidade inclusiva e xusta, que respecte os dereitos de todas as persoas.

- Dialogar significa falar e escoitar con respecto. Tamén significa explicar por que facemos as cousas, escoitar outras ideas e ter en conta esas ideas.
- Participar é fundamental para conseguir organizacións que cumpran os seus obxectivos, que sexan transparentes e que traballen polo ben das persoas.

As organizacións transparentes contan a verdade e non ocultan información para que as persoas entendan as decisións das organizacións.

- Comprometerse significa facer unha tarefa de forma responsable e tomarse en serio esa tarefa.



As organizacións
nas que todas as persoas participan nas decisións
teñen en conta o diálogo, a participación
e o compromiso.

Estas organizacións recollen mellor
as necesidades e desexos das persoas
porque moitas persoas participan nas decisións
e pensan ben o que senten e o que queren
antes de tomar unha decisión.

A colaboración entre todas as persoas,
a solidariedade coas persoas con máis dificultades
e o compromiso
son moi importantes para mellorar
a vida das persoas con discapacidade intelectual
e do desenvolvemento.

Tamén son moi importantes
para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Que temos que facer as entidades de Plena inclusión España para poñer en práctica o valor do diálogo?

- Imos crear e manter espazos para dialogar.
Imos organizar reunións ou actividades para falar e pensar todas as persoas xuntas.

Nestes espazos, imos falar de temas importantes para as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento e as súas familias.

Nestes espazos,
tamén imos falar de temas importantes para o futuro das entidades de Plena inclusión España.

- Imos mellorar o traballo do movemento asociativo.
Todas as entidades de Plena inclusión España comprometémonos a loitar e defender os dereitos das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.

Sobre todo, imos defender os dereitos das persoas con discapacidade en situacións máis difíciles.
Por exemplo, con dificultades económicas.

Imos tomar decisións coa opinión e a participación das persoas ás que lles afectan esas decisións. As persoas teñen que dar a súa opinión e participar en temas importantes para elas e en decisións que cambian e melloran as entidades.

Imos gobernar as entidades con **transparencia** e imos **render contas**.

Isto significa, que as entidades comprométense a explicar de forma clara e accesible:

- Como usan os seus recursos.
Os recursos dunha entidade son o diñeiro, o tempo, os materiais e as persoas.
- Por que as entidades toman as decisións que afectan á sociedade.
- Os resultados do seu traballo.

Imos sensibilizar á cidadanía para conseguir cidades e barrios inclusivos. Temos que conseguir cidades e barrios inclusivos nos que todas as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento vivan igual que o resto das persoas. Tamén as persoas con discapacidade con máis necesidades de apoio.

■ Iremos defender
o **liderado cooperativo** e participativo
nas entidades de Plena inclusión.

■ Iremos crear espazos
no **movemento asociativo** de Plena inclusión
para compartir boas ideas,
experiencias e **boas prácticas**
que outras persoas ou organizacións
poidan repetir.

Liderado cooperativo:

o liderado cooperativo
significa que unha ou
varias persoas
coordinan un grupo,
pero sempre escoitan
e toman decisións en
conxunto.

Boas prácticas:

Son accións que
funcionaron ben
nunha situación e que
poden funcionar ben
noutras situacións.

Información sobre o Código Ético


Este Código Ético comezou a aplicarse o día 13 de xuño de 2025 e durará ata Plena inclusión España faga un novo Código Ético.

Plena inclusión España compartiu este Código Ético con todas as persoas e entidades que forman parte de Plena inclusión España.

Este Código Ético é obrigatorio para todas as persoas e entidades que forman parte de Plena inclusión España:

- As persoas que toman as decisións.
- As persoas profesionais.
- As **persoas voluntarias**.
- As persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.
- As familias.
- As asociacións, fundacións e outras entidades.
- As **Federacións**.
- A **Confederación**.
- Outras persoas que participan en Plena inclusión España.

As persoas que traballan nas entidades de Plena inclusión España e as persoas dos órganos de goberno poden firmar o Código Ético para demostrar que o van cumprir.



Plena inclusión España
organizará actividades de formación
para axudar a entender mellor este Código Ético.

Así, as persoas formadas
poderán comprender mellor o Código Ético
e usalo no seu día a día.

Que podes facer se tes dúbidas sobre o Código Ético?

Se formas parte dunha entidade de Plena inclusión España e tes unha dúbida sobre o Código Ético, podes consultar ao Comité de Ética.

Tamén podes consultar ao Comité de Ética se tes un problema relacionado coas accións ou **valores** do Código Ético.

O Comité de Ética é un grupo de persoas que axuda a resolver dúbidas sobre temas éticos. A Ética é pensar no que está ben ou mal e actuar con nós mesmos e cos demais tendo en conta o que está ben ou mal.

Este Comité:

- Traballa de forma independente.
- Cumpre a confidencialidade.
É dicir, garda a información e non a comparte se non ten permiso.
- Axuda a outras persoas en temas éticos.
- Axuda a entender mellor o Código Ético.

Para poñerte en contacto co Comité de Ética debes escribir ao correo electrónico:

comitedeetica@plenainclusion.org

Que pasa cando fas unha consulta?

1. O Comité de Ética recibe a consulta e respóndeches para confirmar que a recibiu.
2. Estudia a información con coidado e sen dicir nada a outras persoas.
3. Se fai falta, pode pedirche máis información para entender mellor a situación.
4. Ao final, escribe un informe con ideas e recomendacións para axudarche a decidir sobre un tema ético ou con información sobre a túa consulta.

E se quero denunciar algo?

Se crees que alguén incumpriu o Código Ético ou algunha norma da túa entidade, non debes escribir ao Comité de Ética.

Nese caso, escribe ao **Canal de Denuncias** da túa entidade.

Se a túa entidade non ten **Canal de Denuncias** escribe a algunha persoa da túa Xunta Directiva ou ao Patronato.

A Xunta Directiva é un dos órganos de goberno dunha asociación.

O Patronato é o órgano de goberno dunha Fundación.

Canal de denuncias:

É un correo ou un teléfono onde as persoas poden avisar ou contar que algo está mal ou que alguén non está cumprindo as normas.



Palabras que tes que coñecer

Boas prácticas:

Son accións que funcionaron ben nunha situación e que poden funcionar ben noutras situacións.

Canal de denuncias:

É un correo ou un teléfono onde as persoas poden avisar ou contar que algo está mal ou que alguén non está cumprindo as normas.

Comunidade inclusiva:

É un conxunto de persoas diferentes que viven nun mesmo lugar. Todas se respectan e se aceptan sen discriminar a ninguén.

Condições laborais xustas:

Un traballo ten condicións laborais xustas se cumpre estas condicións:

- É seguro.
- As persoas profesionais cobran o seu soldo segundo as leis.
- O soldo depende do esforzo e a responsabilidade do seu traballo.
- Respecta os dereitos humanos.

Confederación:

É unha organización formada por varias federacións.

Confidencialidade:

É gardar con coidado e non contar información persoal sobre outra persoa.

Dereitos sexuais e reprodutivos:

Son os dereitos que che axudan a decidir sobre a túa sexualidade e sobre ter ou non ter fillos.

Desexo lexítimo:

É un desexo xusto que unha persoa quere e ten dereito a que se lle axude a conseguilo.

Dignidade:

É a importancia que ten cada persoa polo feito de ser persoa.

Diversidade:

É que todas as persoas somos diferentes e únicas.
A diversidade é positiva porque podemos aprender unhas persoas das outras.
Tamén nos axuda a vivir nunha sociedade máis respectuosa.

Equidade:

É dar a cada persoa o que necesita para que teña as mesmas oportunidades que o resto.

Espazo seguro:

É un lugar onde as persoas se senten ben, son respectadas e non sofren violencia nin discriminación.
Tamén onde se poden expresar de forma libre.

Ética:

É pensar no que está ben ou mal e actuar con nós mesmos e cos demais tendo en conta o que está ben ou mal.

Federación:

É unha organización formada por varias asociacións, fundacións e entidades.

Intelixencia artificial:

Son máquinas ou ordenadores que aprenden a facer cousas que fai unha persoa no seu día a día. Por exemplo, falar, escribir, entender imaxes ou responder preguntas.

Intérprete vital:

É unha persoa que intenta comprender a outra persoa que ten dificultades para comunicarse. Para comprender, a persoa presta atención aos seus xestos, sons e movementos. Tamén ten en conta as cousas que lle gustan e a súas experiencias.

Líderes:

Son persoas que guían a outras para conseguir un obxectivo.

Liderado cooperativo:

O liderado cooperativo significa que unha ou varias persoas coordinan un grupo, pero sempre escoitan e toman decisións en conxunto.

Manipular:

É cando unha persoa intenta que outra faga o que ela quere, pero sen ser sincera ou sen dicir toda a verdade.

Movemento asociativo:

É un conxunto de entidades que se unen para traballar por un mesmo obxectivo. A maioría destas entidades son asociacións.

Mundo diverso:

É un mundo onde viven moitas persoas diferentes.

Orientación sexual:

É cando che gustan e che atraen outras persoas.

Por exemplo, pódénche atraer persoas do teu mesmo sexo, de diferente sexo ou dos 2 sexos.

Persoa autónoma

É que unha persoa toma decisións de forma independente sobre como quere vivir a súa vida.

Personalizar:

É adaptar unha cousa ou as súas características ao gusto ou ás necesidades dunha persoa.

Persoas voluntarias:

Son persoas que colaboran e fan tarefas gratis.

Prexuízo:

Idea e opinión negativa sobre algo ou alguén antes de coñecelo e sen motivo concreto.

Protocolo:

É un documento que recolle os pasos que temos que seguir as persoas nunha situación.

Por exemplo, un protocolo para previr o abuso.

Proxecto de vida:

Son as accións que fai unha persoa para conseguir os seus obxectivos na vida.

Render contas:

É explicar o que fixeches,
por que o fixeches e cal foi o resultado.
Tamén é recoñecer que te equivocaches
e dicir como o vas arranxar.

Transparencia:

É dicir a verdade
e non ocultar a información
para que as persoas poidan entender
as nosas decisións e o que facemos.

Valores:

Son actitudes que pensamos que están ben.





POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



www.plenainclusion.org

General Perón, 32 - 1ºB
28020 Madrid

